

Instrución 4/2018, do 15/10/2018, pola que se modifica a Instrución do 24/04/2018 en relación coa entrada en vigor da nova Lei 9/2017, de contratos do sector público

Primeiro.- Novo apartado no anexo I-C

Tras o informe da Secretaría Xeral do *tratamento de libros científicos*, engádesse no anexo I-C (exclusións) un apartado sexto coa seguinte redacción:

6. A adquisición directa sen publicidade de libros científicos adecuarase á Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da comunidade autónoma de Galiza (en adiante, LPG), que no seu artigo 51 regula a adquisición de inmobles nos seguintes termos:
 1. *A adquisición de bens inmobles ou dereitos sobre eles realizarase mediante procedementos que garantan o respecto dos principios de igualdade, publicidade e concorrencia, agás nos seguintes supostos, nos que se pode acudir á adquisición directa sen publicidade:*
 - a) *Peculiaridades ou singularidades do ben, que se xustificarán expresamente no expediente de adquisición. En todo caso, serán considerados como singulares os bens catalogados de interese histórico-patrimonial.*
 - b) *Cando o vendedor sexa outra administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.*
 - c) *Cando for declarado deserto o procedemento promovido con publicidade para a adquisición, e sempre que non se modifiquen as condicións orixinais do contrato, agás o prezo e a superficie, que poderán alterarse nun 10%.*
 - d) *Cando a adquisición se efectúe en virtude do exercicio dun dereito de adquisición preferente.*
 - e) *Cando a adquisición se efectúe no estranxeiro.*
 - f) *Cando o valor de taxación do ben ou dereito sexa inferior a 50.000 euros.*
 2. *Nos casos de adquisición previstos nas alíneas b) e f) recadarase un mínimo de tres ofertas sempre que as circunstancias o permitan.*

En conclusión, a adquisición de libros científicos considérase excluída do ámbito de aplicación da LCSP por se tratar dunha propiedade incorporal, debendo aplicarse o disposto na lexislación patrimonial galega que suxeita estas operacións ao réxime previsto para a adquisición de bens inmobles. Polo tanto, cando se proceda a tramitar un expediente de gasto para a adquisición de libros científicos nos casos b) e f) do artigo 51.1 da LPG, deberá constar no expediente un mínimo de tres propostas (tres ofertas de diferentes provedores), de acordo co establecido no artigo 51.2 da LPG, que as esixe.

No caso de tratarse de libros que polas súas características soamente poidan subministrarse por un único proveedor, o responsable do gasto acreditará esta exclusividade no expediente de gasto.

Segundo.- Novos subconceptos excluídos das limitacións do artigo 118 da LCSP

Engádense no apartado 5 do anexo I-C (exclusións), tres exclusións para imputar os gastos regulados no apartado 1.

Exercicio	Código	Descrición
2018	640.00.20	Gastos de publicación de artigos de PDI da UDC
2018	649.00.20	Gastos de publicación de artigos de PDI da UDC
2018	649.02.20	Gastos de publicación de artigos de PDI da UDC

Terceiro.- Criterio cómputo contratos menores

Establécese o criterio do límite para computar os contratos menores que queda fixado no ano natural, é dicir, a incompatibilidade para a adxudicación de novos contratos menores cando se superen as contías establecidas no artigo 118.1 da LCSP subsistirá durante o exercicio ou anualidade presupostaria con cargo á cal se imputen os créditos que financian a execución dos contratos menores adxudicados con anterioridade.

Cuarto.- Modificación do apartado segundo da Instrución de 24/4/2018

O apartado segundo (obxecto do contrato) da Instrución de 24/4/2018, pasa a ter a seguinte redacción:

Limitado por proveedor, dentro de cada tipo de contrato (obras, servizos e subministracións), cando se refire a prestacións iguais que formen unha unidade.

Entenderanse como “obxecto do contrato” o desenvolvemento da clasificación económica de gastos do orzamento da UDC, no exercicio que corresponda e a nivel de subconcepto, co grado de desagregación (detalle) que se estableza ao longo de cada exercicio.

A Coruña, 15 de outubro de 2018

O xerente

Ramón del Valle López